



•
•

ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MELLORA DA REDE DE SUMIDOIROS NO RÍO DOS GAFOS.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 13/07/2015, e entre outros extremos, adoptou o seguinte acordo que, na súa parte dispositiva literalmente, dí:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao proxecto incluído no programa de saneamento do rural do Concello de Pontevedra, denominado "Proxecto de mellora da rede de sumidoiros no río Gafos-Pontevedra" subscrito polo enxeñeiro municipal don Jesús Gómez Viñas datado en outubro do 2014.

Segundo.- Dispor o sometemento a información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, na web <http://www.pontevedra.eu> e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, computándose o remate do prazo referido dende a data desta última publicación, co fin de que calquera interesado ou prexudicado poida examinar proxecto e formular as alegacións, suxestións e reclamacións que estime procedentes, podendo examinarse o expediente nos Servizos técnicos municipais municipais situados na praza de España (Casa do Concello), de luns a venres en horario de oficina.(...)"

Pontevedra, 15 de xullo de 2015

O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local

Raimundo González Carballo

